

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO MUNICIPIO DE OUTES.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da Ordenanza Municipal reguladora do uso das praias do Municipio de Outes, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os/as cidadáns/ás, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

A presente iniciativa normativa pretende regular unha serie de aspectos relativos ó uso e disfrute das praias e zonas de baño, de competencia municipal e derivados de normas de rango superior, tanto de aqueles que vein sendo obxecto consolidado da xestión de esta Administración Local, como de aqueles xurdidos recentemente como consecuencia da innovación normativa e os cambios e demandas sociais en dito uso.

Como aspectos relativos ó uso das praias e zonas de baño, cuxa ordenación e regulación considérase necesaria a fin de evitar conflitos entre os usos e intereses concurrentes, cabe citar:

- O establecemento de normas de seguridade e convivencia no uso das praias e zonas de baño.
- A fixación de normas hixiénico-sanitarias e de seguridade dos usuarios e dos servizos de vixilancia, salvamento e socorrismo.
- O establecemento de normas de uso dos servizos e equipamentos municipais.
- Prevención da xeración de lixo disperso como factor de contaminación do medio mariño.
- Habilitación e normas de uso das praias para cans.



- Regulación da práctica de deportes e actividades náuticas.
- Establecemento de normas para o adecuado desenvolvemento de actividades deportivas, culturais, recreativas ou artísticas, e outros eventos de carácter temporal ou extraordinario.
- Establecemento dun réxime sancionador axustado ás determinacións e obrigas contidas na Ordenanza Municipal.

2. Necesidade e oportunidade da aprobación da Ordenanza.

Se ben o apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non recolle de xeito específico como competencia propia das Entidades Locais a xestión das praias, cabe entender que dita competencia atópase subsimida ou implícita nos apartados b), f), h), j) e l), relativos a: medio ambiente, protección civil, promoción da actividade turística de interese e ámbito local, protección da salubridade pública, e ocupación do tempo libre, respectivamente.

Dita atribución xenérica veise refrendada na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, na que se regula o réxime xurídico do dominio público marítimo-terrestre, se establecen as competencias das distintas Administracións Públicas intervintes, e se determinan as relacións interadministrativas entre as mesmas. En concreto, no seu artigo 115, entre as competencias municipais, atribúese a de exercer, nos termos previstos na lexislación que dicten as Comunidades Autónomas, as competencias de explotar, no seu caso, os servizos de temporada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na Lexislación de Réxime Local, así como a de manter as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, e, finalmente, a competencia de vixilar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.

Por outra banda, en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida polos artigos 128.1 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polo artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local, os Municipios, na súa calidade de Administracións Públicas territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, poden aprobar regulamentos e ordenanzas, en tanto son cauces inmediatos da participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os seus intereses.

Deste xeito, a tenor da competencias que en materia de costas e medio ambiente recaen sobre este Concello, así como outras relacionadas coa explotación de servizos nas praias, e dada a ausencia até o de agora de normativa municipal específica con rango de Ordenanza que regule o correcto uso e disfrute das praias e zonas de baño, considérase necesario acometer a redacción e aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora de ditas competencias.



3. Obxectivos da norma.

Sobre a base do exposto anteriormente, serán obxectivos específicos de esta iniciativa normativa, sempre no marco da lexislación estatal e autonómica:

- Configurar un réxime racional da utilización das praias e da seguridade dos seus usuarios e usuarias, respectando a súa vez o dereito de todos e todas ó seu disfrute, consonte á normativa estatal e autonómica.
- Determinar e regular os usos e servizos públicos nas praias e zonas de baño do término municipal.
- Concretar nun texto normativo unificado un réxime sancionador específico e propio, adaptado ó actual marco lexislativo e orientado á conciliación de usos, a concienciación cidadá, e á protección do medio ambiente en xeral e das praias en particular.
- Servir de instrumento para a xestión municipal, a convivencia cidadá e a salvagarda e mellora da calidade ambiental e dos valores naturais e patrimoniais locais.

4. Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Cabe desbotar a posibilidade de continuar sen normativa municipal reguladora das praias e zonas de baño, por canto quedarían sin adecuada resposta á problemática e casuística actualmente plantexada na súa xestión. Considérase que a promulgación de sucesivos Bandos de praias non resulta suficiente para acadar os obxectivos plantexados, dado o seu limitado alcance, polo que a única solución regulatoria é a aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora do uso das praias no Municipio de Outes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

